

1.- Indica cales son as capas que compoñen a estrutura da Terra, e cal é a principal características de cada unha delas.

- Codia: É a capa superior donde se sitúan todos os elementos do relevo.

Distinguimos a codia continental e oceánica

Ten una profundidade comprendida entre 5 e 40 kms e está composta por granito e basalto

Manto: É a capa mais grosa con 2500kms. Distinguimos a manto superior con aspecto sólido e o manto inferior con aspecto magmático.

Núcleo: É a capa central da Terra formada por níquel e ferro. O núcleo externo aparece en estado líquido polas altas temperaturas e o núcleo interno aparece en estado sólido polas altas presións

2.- Que son as placas tectónicas?

Son unha porción de litosfera limitada que ten o súa orixe na división do Pangea

3.- Como podemos saber que as placas tectónicas se moven?

Principalmente por estas razóns.


- Podemos observar comoalgúns continentes encaixan entre si.
- Encontráronse fósiles dos mesmo organismos en continentes tan afastadoshoxe en día como África, Australia ou a Antártida.
- Os xeólogos detectaron que os lugares onde se sitúan os volcáns son as liñas de separación destas plataformas.

4.- Que son os axentes internos que interveñenna formación do relevo. E que relevo provocan

Son as que se producen no interior da Terra, onde o magma provoca que as placas tectónicas se movan lentamente provocando a formación dun relevo pregadoou fallado.


5.- Explica o relevo pregado

O relevo pregado son ondulacións da superficie terrestre orixinadas pola forza compresiva dos movementos tectónicos **sobre rochas brandas.**



6. Que é un relevo fallado?

O relevo fallado ou fallas son fracturas da superficie terrestre orixinadas pola forza compressiva dos movementos tectónicos sobre **rochas duras**.



7.- Que é un volcán?

Son aberturas na superficie terrestre a través das cales se expulsa materia incandescente, gases e cinzas procedentes do magma do interior da Terra.


8. Por que razóns o relevo terrestre foi e continúa cambiando?

Pola acción de axentes internos como os pregamentos, as fallas, os terremotos e os volcáns e polos axentes externos como a auga, o vento, a vexetación e a acción dos seres humanos.

9.-Cita as principais formas do relevo continental

Montaña , cordilleira, macizo, val, meseta, chaira e depresión

10.- Cales son as principais formas do relevo submarino?



11. Que é o relevo costeiro cita tres exemplos

É o relevo terrestre que se atopan nas costas. Un lugar de contacto entre a terra emerxida e a submarina na que podemos diferenciar: Illas, penínsulas, cabos, golfos e rías

12. Que é un volcán? Como os atopamos en función da súa actividade?

Son aberturas na superficie terrestre a través das cales se expulsa materia incandescente, gases e cinzas procedentes do magma do interior da Terra.

En función da súa actividade os volcáns poden encontrarse en tres estados:

- **Activos** manifestan actividade volcánica
- **En repouso** sen actividade, pero con posibilidade de espertarse
- **Extinguido** xa non poden volver ter actividade volcánica